



FICHA RESUMO

Ano	2011	PE403A 2010/118-1
Entidade	PLAN CONXUNTO DAS CONFRARIAS DE AGUIÑO E RIBEIRA	
Plan explotación⁽¹⁾	OURIZO	
Réxime⁽²⁾	RECURSO ESPECÍFICO	
Modalidade⁽³⁾	BICHEIRO, MERGULLO EN APNEA E CON SUBMINISTRO DE AIRE DENDE SUPERFICIE	

Especies	Ourizo (<i>Paracentrotus lividus</i>)
Ambito do plan	De punta Falcoeiro ata río Sieira, incluíndo illotes adxacentes (Falcoeiro, Basoñas e outros) (Ver consideracións)
Subzonas de explotación	

Participantes no plan de explotación		
Número de permex/persoas autorizadas		
Mariscadoras/es a pé	Embarcacións	Tripulantes
-	Ourizo ----- 56 Bicheiro --- 32	130 (71 mergulladores) 96
Ampliación do número de permex ⁽⁴⁾		NON
Mariscadoras/es a pé	Embarcacións	Tripulantes
-	0	-

Calendario de explotación												
Días máximos de extracción		60										
Época y zona probable de extracción⁽⁵⁾												
Modalidade⁽³⁾: bicheiro e mergullo en apnea e con subministro de aire dende superficie												
xan	feb	mar	abril	maio	xuño	xullo	agosto	setemb	outub	novemb	dec	
X	X	X	X									

Topes de captura			
Especies	A pé	Embarcación/día	Tripulante enrolado e a bordo/día
Ourizo	-	150 kg	50 kg

Artes a empregar	Bicheiro Mergullo en apnea e con subministro de aire dende superficie
-------------------------	--

Puntos de control	Peirao de Aguiño
Puntos de venda	Lonxas de Aguiño (vendeduría da confraría) e de Ribeira (vendeduría da confraría)

Accións a realizar ⁽⁷⁾	Épocas probables ⁽⁸⁾											
	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D
Rexeneración zonas improdutivas												
Zonas:												
	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D
Extracción semente para resembr												
Zonas:												
Especies:												
	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D



Sementeiras															
Zonas:															
Especies:															
	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D			
Traslados															
Zonas:															
Especies:															
	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D			
Rareos															
Zonas:															
Especies:															
	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D			
Limpezas e arados															
	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D			
Outros															

Outras consideracións

Ámbito: Non se acepta a inclusión da zona de libre marisqueo que ocupa o espazo marítimo interno da ría de Arousa, limítrofe coas autorizacións administrativas das dúas confrarías, ata que se realice unha avaliación dos bancos de ourizo desa zona a fin de coñecer a viabilidade da súa explotación. Así mesmo, considérase conveniente manter o peche da zona incluída no P.N. Illas Atlánticas (Illa de Sálvora e illotes adxacentes) namentres non se realice unha avaliación e se comprobe a recuperación do recurso nesta zona..

Por tanto, o ámbito deste plan queda comprendido entre a punta Falcoeiro e o río Sieira, incluíndo illotes adxacentes (Falcoeiro, Basoñas e outros), que se divide en dúas subzonas:

- Subzona 1.- dende Pta. Falcoeiro ata Pta. Corrubedo, incluíndo a praia do Vilar
- Subzona 2.- dende Pta. Corrubedo ata Río Sieira, incluíndo os baixos de Basoñas.

Participantes: Este plan de explotación engloba dúas modalidades de extracción de ourizo: mergullo (en apnea e con subministro de aire dende superficie) e bicheiro.

O listado anexo ao plan inclúe un total de 57 embarcacións co recurso ourizo (Z3), cando conforme aos datos desta Consellería as embarcacións que contan con este recurso no seu permiso, autorizadas para traballar neste plan son 56:

- 33 asociadas á confraría de Aguiño, con 36 mergulladores
- 22 asociadas á confraría de Ribeira, con 34 mergulladores
- 1 particular, con 1 mergullador.

A embarcación _____, asociada á confraría de Ribeira (*), non ten renovado o orizo (Z3), polo que debe ser excluída do plan.

Ademais, débense excluír do listado correspondente ás embarcacións que contan coa arte bicheiro, asociadas á confraría de Aguiño, as embarcacións _____ que tamén contan co recurso ourizo (Z3) e polo tanto xa están incluídas no listado correspondente.

Ampliación: Non se aproba a ampliación proposta de embarcacións para ningunha das dúas



modalidades de extracción por supor un incremento do esforzo pesqueiro inasumible.

Autorízase o cambio de modalidade de extracción -bicheiro por ourizo (Z3)- solicitado para 5 embarcacións incluídas neste plan, e que viñan desenvolvendo a súa actividade nos plans anteriores de extracción de ourizo. Facilitarase o cambio de arte bicheiro por ourizo (Z3), de todas aquelas embarcacións, con bicheiro e incluídas neste plan, sempre que renuncien ao bicheiro e os tripulantes posúan a titulación necesaria de mergullo.

Polo tanto, non se trata dun incremento do número de embarcacións, senón dun cambio na modalidade da extracción.

(*) Por outra parte e dado que no plan se produciu a baixa dunha embarcación asociada á confraría de Ribeira non se observa inconveniente en que se proceda á cobertura desta vacante nesta confraría.

Días máximos de extracción: A situación deste recurso desaconsella acceder ao incremento proposto do número de días de extracción respecto do plan en vigor, polo que se mantén en 60 días ao ano.

Topes máximos de captura: O tope queda establecido en 50 kg tripulante enrolado e a bordo e día, ata un máximo de 150 kg/embarcación/día.

Puntos de control: Establécese un único punto de control, no peirao de Aguiño, no que os vixiantes das confrarías realizan o control de tallas e cupos. O paso polo punto de control é obrigatorio para todos os participantes no plan. Cómpre lembrar o establecido na disposición adicional quinta da Orde do 8 de febreiro de 2008: *“no caso de produtos pesqueiros frescos que teñan que pasar un punto de control, de acordo co plan de explotación correspondente, a mercadoría non poderá ser retirada deste punto polo mesmo propietario que a entrega”*.

Remisión dos datos: Para mellorar a xestión dos bancos e evitar situacións de sobrepesca é necesario realizar un control do esforzo pesqueiro, das capturas e das tallas. Polo tanto, os datos da explotación necesarios para o seguimento dos bancos deberán ser remitidos regularmente ao departamento territorial correspondente, de xeito que coa solicitude de apertura mensual os técnicos deberán ter recibido os datos do mes anterior.

Comercialización: Toda decisión que se tome sobre a comercialización deste produto deberá ser aprobada polas agrupacións, ratificada polas confrarías e xestionada polas vendedurías.

Xestión da explotación: A organización e xestión da extracción e comercialización correrá a cargo da comisión xestora, que será responsable de facer o seguimento do plan. A proposta feita pola comisión xestora será comunicada á confraría de Aguiño para que esta tramite a solicitude ante o Departamento Territorial.

Deberán indicar as normas de funcionamento da comisión xestora: convocatorias e periodicidade das reunións, toma de acordos...

Réxime sancionador: O incumprimento das normas do plan ou a falla de colaboración nas inspeccións, será sancionado, previo inicio do procedemento sancionador oportuno, segundo o regulamento sancionador dos estatutos da confraría ou da Lei 6/2009, do 11 de decembro, de modificación da Lei 11/2008, de pesca de Galicia.

Mergullo: Tódolos mergulladores terán que ter a tarxeta de mergullador en vigor para poder traballar no plan de explotación, de non ser así serán excluídos da relación adxunta á



resolución de apertura mensual.

Plan de seguridade: Deberán elaborar o plan de seguridade. Na solicitude de apertura de cada mes deberá indicarse o nome do mergullador que vai a exercer como xefe de equipo.

O informe da actividade de mergullo é favorable a autorizar a realización das inmersións necesarias para a execución do plan, sempre que o **plan sexa aprobado a efectos de seguridade pola autoridade marítima correspondente e que deberán presentar antes de realizar a primeira apertura do ano 2011.**

Recomendacións para a mellora do plan:

- Recoméndase un maior esforzo na realización do plan financeiro no que se recollan os gastos e ingresos que se xeneran no desenvolvemento deste plan.

Informe do Parque Nacional das Illas Atlánticas: A Administración do Parque Nacional das Illas Atlánticas emitiu informe con data do 01 de decembro de 2010, respecto ao plan presentado.